



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido do Estudo de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico O Sobredo (Arbo, Pontevedra), promovido por COGAL RENOVABLES, S.L., clave 2011/0081,

SOLICITA:

Que o a Estudio de Impacto Ambiental:

1. Avalíe os efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Montouto 2000 en funcionamento xa na actualidade a menos de 2 km de distancia.
2. Avalíe alternativas para minimizar o impacto (de aeroxeneradores e viais de acceso) sobre os 4 hábitats de interese na Unión Europea existente na zona.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios, réptiles e mamíferos non voadores: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.
 - b. Aves e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2011